

# **ORDENANZA REGULADORA DO APROVEITAMENTO MICOLOXICO NO TERMO MUNICIPAL DE A VEIGA**

(PUBLICADA NO BOP Nº 169 DE DATA 24-07-12)

## **EXPOSICION DE MOTIVOS**

O Termo Municipal de A Veiga, provincia de Ourense, conta cunha superficie de 29.048 ha, das cales 15.494 ha. corresponden a montes clasificados como Montes veciñais en man común, o que supón un 53,34% do territorio, polo que resulta necesario adoptar medidas para que as posibilidades produtivas non estean por debaixo do seu potencial e para que poidan contribuír ó desenvolvemento socioeconómico da Veiga.

Das 29.048 ha., superficie total do Termo Municipal de A Veiga, 14.010 ha. corresponden a espazos protexidos polas normas subsidiarias de planeamento municipal e a espazos naturais protexidos pola Rede Natura 2000, o que supón un 48,23% da superficie total do Municipio, asumindo éste Concello a responsabilidade compartida da conservación e protección dos montes veigueses, da conservación do medio natural, garantindo e preservando a diversidade da flora e fauna silvestres, favorecendo un aproveitamento respectuoso co medio ambiente.

O aproveitamento micolóxico acada unha gran relevancia social, económica e ambiental nos últimos anos, polo que se considera imprescindible levar a cabo unha regulación do aproveitamento micolóxico no termo municipal de A Veiga para que se realice dunha maneira adecuada e ordenada, sen alterar o ecosistema ou a persistencia das especies micolóxicas, xerando emprego e rendas para a poboación rural.

O Concello de A Veiga foi declarado Municipio Turístico Galego por Resolución do Consello da Xunta de Galicia de 27 de setembro de 2001, adoptando novas medidas para favorecer o uso recreativo e pedagóxico dos montes, que contribuirán á creación de emprego e á fixación da poboación no medio rural .

Constitúe un uso e costume, repetitivo e xeralizado ó longo do tempo a colleita de cogomelos, con independencia da titularidade do terreo onde se producen, e segundo o disposto no apartado 2. do artigo 1. da Lei 2/2006, de 14 de Xuño, de Dereito Civil de Galicia, a costume rexerá en defecto de lei galega aplicable, constituíndo a costume unha fonte de dereito.

O Concello de A Veiga ostenta a potestade regulamentaria para aprobar ordenanzas e regulamentos consonte co disposto na Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime

Local, e demais lexislación básica do Estado, e consonte co disposto na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia .

A Lei 9/2001, do 21 de Agosto, de Conservación da natureza establece no seu artigo 3.2. que “tódalas administracións, no ámbito das súas competencias, asegurarán o mantemento, a protección, a preservación e maila restauración dos recursos naturais, con independencia da súa titularidade ou réxime xurídico, garantindo que a xestión daqueles se produza sen mingua da súa potencialidade e compatibilidade cos fins da súa conservación”.

Por todo iso, o Concello da Veiga regula o aproveitamento micolóxico no termo municipal da Veiga, de cara a protexer o equilibrio do ecosistema e a persistencia das especies.

## **TITULO I**

### **PARTE XERAL**

#### **Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

1º. E obxecto da presente Ordenanza regular o aproveitamento de cogomelos no termo municipal de A Veiga, co obxecto de diminuír ó mínimo os efectos desfavorables desta actividade sobre o propio recurso micolóxico e o seu hábitat, sen prexuízo das competencias que, conforme á lexislación vixente, puideran corresponderlles á outras administración públicas.

2º. O disposto nesta Ordenanza será de aplicación a tódalas zonas do Termo Municipal de A Veiga , nas que seguindo a costume poida procederse a recollida de cogomelos con independencia da súa titularidade, salvo que os titulares privados dos terreos nos que xurdan especies micolóxicas prohiban a entrada na súa propiedade.

3º. Os titulares de terreos privados poderán prohibir expresamente a recollida de cogomelos nos terreos da súa propiedade, en aplicación da vontade que, por dereito propio lles corresponde.

Os propietarios de terreos privados que opten por non permitir a recollida de cogomelos deberán poñelo en coñecemento do Concello de A Veiga, concretando a denominación do terreo, así coma a referencia catastral (Polígono e parcela), ó tempo de publicarse no B.O.P á presente ordenanza, ou dentro do mes de xaneiro de cada ano.

O Concello de A Veiga confeccionará cada ano un rexistro de terreos particulares do termo municipal que , por decisión do seu propietario, usufrutuario ou titulares de dereitos reais, non permitan a entrada a tales efectos.

## **Artigo 2.- Definicións:**

Entenderase por :

- Cogomelo: parte reprodutora ou corpo frutífero dun fungo que se desenrola coa finalidade de producir e diseminar esporas.

- Aproveitamento micolóxico: é a recolleita manual de cogomelos.

- Autorización municipal: é o acto do Concello da Veiga que posibilita o exercicio do dereito de recolleita dos cogomelos, condicionado ó interes xeral e a persistencia das especies.

## **TITULO II APROVEITAMENTO ORDINARIO DE COGOMELOS**

### **Artigo 3.- Aproveitamento micolóxico.**

O aproveitamento micolóxico realizarase en todo caso considerando o seu carácter de recurso natural renovable, armonizando a utilización racional do mesmo coa adecuada conservación, permitindo o equilibrio do ecosistema e a persistencia das especies, e realizarase en todo caso de acordo coa normativa vixente en materia de conservación de espazos naturais, e da flora e fauna silvestres, así como das normas recollidas na presente ordenanza.

### **Artigo 4 .- Especies recolectables.**

Os cogomelos obxecto do aproveitamento correspóndense coas que se relacionan no parte A do Anexo do Real Decreto 30/2009, de 16 de xaneiro, seguintes:

Agaricus campestris.	Clitocybe geotropa.
Agaricus sylvaticus.	Craterellus cornucopioides.
Agrocybe aegerita (cylindracea).	Fistulina hepatica.
Amanita caesarea, coa volva aberta.	Higrocybe pratensis.
Amanita ponderosa.	Hydnum albidum.
Boletus aereus.	Hydnum repandum.
Boletus edulis.	Hydnum rufescens.
Boletus pinophilus (pinicola).	Hygrophorus agathosmus.
Calocybe gambosa.	Hygrophorus gliocyclus.
Cantharellus cibarius.	Hygrophorus latitabundus (limacinus).
Cantharellus cinereus.	Hygrophorus marzuolus.
Cantharellus lutescens.	Hygrophorus penarius.
Cantharellus tubaeformis.	Hygrophorus russula.
Cantharellus subpruinosis.	Lactarius deliciosus.

Lactarius quieticolor.  
Lactarius salmonicolor.  
Lactarius sanguifluus.  
Lactarius semisanguifluus.  
Lepista panaeolus (luscina).  
Lepista nuda.  
Lepista personata.  
Macrolepiota procera.  
Marasmius oreades.  
Pleurotus eryngii.  
Pleurotus ostreatus.  
Rhizopogon luteolus (obtextus).  
Rhizopogon roseolus.  
Russula cyanoxantha.  
Russula virescens.

Suillus luteus.  
Terfezia arenaria.  
Terfezia claveryi.  
Terfezia leptoderma.  
Tricholoma portentosum.  
Tricholoma terreum.  
Tuber aestivum.  
Tuber borchii.  
Tuber brumale.  
Tuber indicum.  
Tuber magnatum.  
Tuber melanosporum (nigrum).  
Ustilago maydis.  
Xerocomus badius (Boletus badius).

#### **Artigo 6.- Suxeitos.**

Tal e como ten sido costume calquera persoa poderá proceder a recolleitar cogomelos nos terreos da súa pertenza.

Calquera outra persoa física que non se atope en terreos da súa propiedade, poderá recolleitar cogomelos no termo municipal de A Veiga, sempre previa solicitude e obtención da autorización correspondente. Ademais estará suxeito ó pagamento da taxa correspondente ó outorgamento da autorización, de se-lo caso.

### **TITULO III TERREOS PRIVADOS**

#### **Artigo 7.- Reserva de recolleita.**

1. Os propietarios do terreos privados poden reservarse para si a recollida de cogomelos mediante a colocación de carteis indicadores. Idéntica facultade se recoñece aos titulares de calquera dereito real que lle habilite para elo.
2. Os carteis indicarán “Propiedade Privada. Recollida reservada de Cogomelos”.

### **TITULO IV MEDIDAS DE PROTECCION.**

Aquelas persoas titulares da autorización municipal para o aproveitamento micolóxico están obrigadas ó cumprimento das seguintes normas:

#### **Artigo 8.- Normas e formas de recollida.**

1. Deberá estar en posesión da correspondente autorización, xunto co documento que permita a súa identificación (DNI ou Carné de Conducir).
2. Deberá portar chaleco ou calquera prenda reflectante sempre que saia ó monte.
3. Recolleranse os cogomelos que teñan acadado o seu tamaño normal de madurez, e, en todo caso, respectando as dimensións mínimas recomendadas para cada especie.
4. Os exemplares que se vexan pasados, rotos ou alterados e aqueles que non sexan obxecto da recolección deberán deixarse no mesmo lugar, sen deteriorar .
5. Os exemplares sobre os que existan dúbidas para a súa identificación non deberán recollese, e en todo caso, deberán ser devoltos ao seu lugar, sempre coas láminas ou poros cara abaixo.
6. A recollida realizarase sempre deixando o micelio no seu lugar.
7. Deberán limparse os cogomelos cun cepillo, brocha ou similar no propio lugar de recolección.
8. Non se deben recoller cogomelos que estén preto de estradas, vertedoiros, ou lugares onde se presuma que se empreguen pesticidas pola posibilidade de contaminación por metais pesados (chumbo, cadmio, mercurio...)
9. Non se deben recoller tódalas setas do mesmo lugar, hai que deixar algúns exemplares para que dispersen as súas esporas os efectos de garantir a súa persistencia no mesmo lugar no futuro.
10. A recollida de *Lactarius deliciosus* ( Níscalo ) realizarse mediante corte dos exemplares pola súa base, cortando o pé cunha navalla.
11. A recollida dos cogomelos de *Boletus aereus*, *Boletus edulis*, *Boletus pinophilus* (pinícola) realizarase mediante á extracción moi coidadosa do exemplar completo, mediante un pequeno xiro, tapando o burato practicado e limpando cun cepillo a súa base.  
Queda prohibido coller exemplares de boletos demasiado maduros, é dicir, cos poros de cor verde.
12. O transporte e almacenamento realizarase sempre en cestas de bimes, palla, cana ou similar que pola súa estrutura permitan a expansión das esporas, co gallo de favorecer a súa dispersión.
13. Queda prohibido recoller durante á noite, dende a posta do sol ata o amencer.

14. Para facilitar á súa localización no caso de perda deberá seguirse a recomendación de levar un móbil coa batería cargada e buscar unha referencia doadamente identificable e permanecer xunto a ela.

#### **Artigo 9.- Prácticas prohibidas no aproveitamento micolóxico.**

1. De forma xeral, tanto na fase de localización coma no acto de recolleita dos cogomelos, queda prohibido remover o chan de xeito que se altere a capa de terra vexetal superficial e a súa cobertura, xa sexa manualmente, cos pés ou empregando calquera tipo de ferramenta ou utensilio que permita levantar de xeito indiscriminado a materia orgánica en descomposición existente.
2. No caso de cogomelos que medren baixo a terra, o terreo deberá quedar igual que estaba, é dicir, cos buratos que se realicen para extraer o cogomelo tapado coa mesma terra que se houbese extraído.
3. Non se permite á busca de cogomelos portando, aínda que no se estean empreñando, angazos, ganchos, aixadas, ou ferramentas similares, con independencia do tamaño que teñan .
4. Para a recollida de cogomelos específicos poderá empreñarse un coitelo, unha navalla ou similar .

#### **Artigo 10.- Outras prohibicións.**

Aquelas persoas titulares da autorización municipal para o aproveitamento micolóxico están obrigadas o cumprimento das seguintes normas:

1. Non se poderán destruír nin danar os muros de pedra existentes ou valados que delimiten as propiedades.
2. Non se procederá a captura, destrución , disecación ou dar morte de especies de fauna silvestre, así como recoller os seus ovos ou crías.
3. Non se procederá á corta indiscriminada de flores e plantas silvestres.
4. Non se procederá á produción de ruídos innecesarios, destelos luminosos ou outras formas de enerxía que alteren a tranquilidade habitual das especies de fauna silvestres ou gandeiras existentes na zona.
5. Non se poderá destruír, deteriorar, subtraer ou cambiar de localización os sinais vinculados ó aproveitamento micolóxico .
6. Non se poderá abandonar ou depositar residuos fóra dos lugares destinados para o efecto.

7. Non se poderá acender lume fóra do lugar e da época autorizada pola autoridade competente.

8. . Non se poderá verter líquidos ou sólidos que poidan degradar ou contaminar o medio natural .

## **TITULO V AUTORIZACIONES.**

### **Artigo 11.**

1. Para a recollida de cogomelos deberase estar en posesión dunha autorización expedida polo Alcalde do Concello da Veiga, ou persoa en quen delegue, co fin de controlar o número de persoas que diariamente chegan ao termo municipal para este fin .
2. As autorizacións teñen carácter nominativo, persoal e intransferible. Excepto as que se emitan para grupos organizados.
3. As autorizacións poderán ser de tres tipos :
  - . **Autorización Veciñal:** poderá ser emitida para tódolos veciños empadroados ou para tódolos propietarios, que posúan bens rústicos ou urbanos, no termo municipal de A Veiga.
  - . **Autorización Turística:** poderá ser emitida para tódolos turistas que se despracen ata A Veiga, poderá ser de un día ou de fin de semana.
  - . **Autorización Foráneos :** poderá ser emitida para tódalas persoas que, sen seren veciños, propietarios ou turistas, pretendan recolleitas cogomelos no termo municipal de A Veiga, poderá ser de un día ou de tempada.

#### **3.1.. Autorización Veciñal:**

Calquera veciño empadreado ou calquera propietario dunha finca rústica ou urbana no Concello de A Veiga, poderá solicitar a Autorización Veciñal, nas oficinas municipais.

Cada autorización veciñal dará dereito á levar ata un máximo de dos acompañantes, que deberán estar próximos ó recolector autorizado.

Os menores de 18 anos non precisarán autorización pero deberán ir acompañados de algún adulto con autorización .

#### **2. Autorización Turística:**

Calquera turista, con pernoctación nalgún aloxamento do Termo Municipal de A Veiga, que se teña adherido voluntariamente á xestión das autorizacións turísticas,

poderá solicitar na Xerencia do establecemento en que pernocte a expedición da súa autorización para un día ou para unha fin de semana.

O Xerente do establecemento turístico, poderá emitir, por delegación do Sr. Alcalde de A Veiga, a autorización turística, para o que deberá:

.- Comprobar á identidade do solicitante mediante expedición do DNI ou documento similar.

.- Facerlle entrega do impreso correspondente á Taxa por expedición de Autorización Turística .

### **3. Autorización Foráneos:**

Calquera persoa que non sexa nin veciño, nin propietario, nin turista e desexe recolectar cogomelos no termo municipal de A Veiga, deberá solicitar a súa autorización nas oficinas municipais do Concello de A Veiga .

Poderá establecerse un número limitado de autorización á foráneos.

4. As asociacións e entidades con fins de estudo micolóxico poderán solicitar un permiso especial para o estudo das especies.

5. Toda persoa que faga uso do aproveitamento micolóxico deberá estar en posesión da correspondente autorización, tendo á obriga de exhibirla ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, a Seprona .... Así coma ás persoas acreditadas que exerzan á vixianza do aproveitamento micolóxico.

### **4º. Outras autorizacións.**

Poderán expedirse autorizacións especiais para fines de estudo ou científicos .

Poderán expedirse autorizacións especiais para fines farmacolóxicos ou medicinais.

## **TITULO VI SINALIZACION**

**Artigo 12.** De xeito xeral nos límites do termino municipal y principalmente nos accesos ao mesmo a través de estradas, pistas forestais ou camiños, sinalizarse á regulación da recollida de cogomelos a que fai referencia a presente ordenanza indicando “Aproveitamento micolóxico. Prohibida a recolección de cogomelos sen autorización municipal”, colocando as sinais correspondentes, que serán de madeira e acordes co medio onde se atopan.

## **TITULO VII REGIMEN SANCIONADOR .**



## **Artigo 13.**

### **I.- Infraccións.**

Constituirán infraccións administrativas as accións ou omisións que supoñan o incumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza.

As infraccións clasifícanse en , graves e moi graves.

#### **Terán a consideración de infraccións graves.**

- A recolección de cogomelos en todo o termo municipal sen contar coa debida autorización.
- A recolección de cogomelos en terreos con reserva de colleita, sinalizados co cartel “ Propiedade Privada. Recollida Reservada de Cogomelos” .
- Destruír, deteriorar, sustraer ou cambiar de localización os sinais vinculados ó aproveitamento micolóxico .

#### **Terán a consideración de infraccións moi graves.**

- Portar aínda que non se estean empregando, angazos, ganchos, aixadas ou ferramentas similares con independencia do tamaño que teñan.
- Remover o chan de xeito que altere a capa de terra vexetal superficial e a súa cobertura con calquera tipo de ferramenta ou utensilio que permita.
- Recoller coa técnica indebida as distintas especies.
- O transporte e almacenamento dos cogomelos en recipientes que non permitan a dispersión das esporas.
- Capturar, destruír ou dar morte de especies de fauna silvestre, así coma recoller os seus ovos ou crías.
- Proceder á corta indiscriminada de flores e plantas silvestres .
- Destruír ou danar os muros de pedra existentes ou valados que delimitan as propiedades.
- Abandonar ou depositar residuos fóra dos lugares destinados para o efecto.
- Verter líquidos ou sólidos que poidan degradar ou contaminar o medio natural .

### **II.- Sancións.**

As infraccións tipificadas na presente ordenanza serán sancionadas do seguinte xeito:

- a) Infraccións graves: Multa de 60,00 € ata 90,00 € .
- b) Infraccións moi graves: Multa de 90,00 € a 300,00 € .

As infraccións graves ou moi graves poderán conlevar a retirada da correspondente autorización do aproveitamento e poderá prohibirse o seu exercicio durante un ano.

As infraccións graves ou moi graves poderán conlevar o decomiso do produto micolóxico .

As accións ou omisións que incumpran o disposto na Lei 3/2007, do 09 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia e demais normativa que a desenvolva, rexeranse pola súa normativa específica segundo as infraccións tipificadas na devandita lei.

As accións ou omisións que incumpran o disposto na Lei de Conservación da Natureza rexeranse pola súa normativa específica segundo as infraccións tipificadas na devandita lei.

#### **Artigo 14.- Procedemento Sancionador .**

O órgano competente para a resolución do procedemento sancionador é o Alcalde, conforme co disposto no artigo 21.1k) da Lei 7/1985, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno Local ou nun concelleiro.

A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido no regulamento aprobado polo Real Decreto 1398/93 de 04 de agosto polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

### **TITULO VIII VIXILANCIA Artigo 15.**

#### **1.- CORPOS E FORZAS DE SEGURIDADE:**

A Inspección, vixilancia e control das materias reguladas nesta Ordenanza poderán serlle encomendadas, en réxime de colaboración co Concello de A Veiga, ó Servizo de Conservación da Natureza (SEPRONA) así coma os membros da Garda Civil que presten servizos no termo municipal de A Veiga.

Considerando que o artigo 12 da Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo de Forzas e Corpos de Seguridade, encoméndalle á Garda Civil a función específica de “velar por cumprimento das disposicións que tendan á conservación da natureza e do medio ambiente, dos recursos hidráulicos, así coma da riqueza cinexética, piscícola, forestal e de calquera outra índole relacionada coa natureza”, función que por ser exclusiva da Garda Civil, será exercida en todo o territorio nacional, para o que está dotada de medios materiais suficientes e organizada en grupos de traballo ubicados en unidades territoriais, correspondendo A Veiga á Patrulla Viana, Compañía de A Rúa, Comandancia Ourense.

Considerando que a Garda Civil colaborará coas autoridades e organismos correspondentes para planificar e executar unha política eficaz nesta materia, e polo que

O Concello de A Veiga solicitará a colaboración do Corpos e Forzas de Seguridade para velar polo cumprimento das disposicións contidas nesta ordenanza, que teñen coma finalidade á conservación da natureza e do medio ambiente, así coma dos recursos forestais e, entre outras, as seguintes:

- Fomentar condutas de respecto á natureza.
- Impedir calquera tipo de aproveitamento abusivo.
- Favorecer o normal desenrolo das especies micolóxicas.
- Contribuír ó correcto aproveitamento dos recursos forestais.
- Facilitar o axeitado desfrute do espazo natural impedindo actividades que poidan degradalo.

## **2.- AXENTES FORESTAIS.**

A Inspección, vixilancia e control das materias reguladas nesta Ordenanza poderán serlle encomendadas, en réxime de colaboración co Concello de A Veiga, ós Axentes Forestais da Xunta de Galicia .

Considerando que segundo o disposto na Lei 12/1992, do 01 de outubro así coma no Decreto 193/1997, do 01 de outubro correspóndelle ós Axentes Forestais á custodia, protección, vixilancia e tutela dos recursos forestais, dos montes e demais bens forestais, dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, do control dos aproveitamentos forestais, así coma contribuír a divulgación medioambiental e o uso público socio-recreativo do medio natural e polo que o Concello de A Veiga solicitará a colaboración da Xunta de Galicia para a vixilancia e control do establecido na presente ordenanza, a través dos axentes forestais correspondentes ó Distrito Forestal XIII Valdeorras-Trives.

## **3.- GARDAS PARTICULARES DO CAMPO.**

A Inspección , vixilancia e control das materias reguladas nesta Ordenanza poderán serlle encomendadas, en réxime de colaboración co Concello de A Veiga, ós Gardas Particulares do Campo de conformidade co disposto na Lei 23/1992, de 30 de xullo, de Seguridade Privada, que presten os seus servizos no termo municipal de A Veiga, ós efectos de que presten auxilio para ó respecto das normas contidas na presente Ordenanza cara a conservación e protección das especies micolóxicas.

## **4.- VIXIANTES MUNICIPAIS.**

O Concello da Veiga poderá nomear vixiantes, con competencias nas funcións de control e vixilancia que atinxen ó regulado na presente ordenanza, a Axentes da Policía Local, a Gardas de Seguridade Privada ou poderá nomear a vixiantes específicos.

## **DISPOSICION FINAL. PRIMEIRA.**

As normas contidas nesta ordenanza son complementarias as seguintes disposicións, que serán de directa aplicación e íntegra en todo o que non dispoña a presente ordenanza ou en todo aquilo que contradigan o disposto nas mesmas:

- Lei 3/2007, do 09 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia e demais normativa que a desenvolve, e concretamente as limitacións temporais ó tránsito de persoas, animais ou vehículos ou que poderán contemplar a prohibición total ou restricións o mesmo.

- Lei 32/2003, de 21 de novembro de Montes e demais normativa que a desenvolve.

- Lei 9/ 2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza e demais normativa que a desenvolve.

- Lei 13/ 1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común e demais normativa que a desenvolve, respecto dos montes veciñais en man común ubicados no termo municipal de A Veiga.

## **DISPOSICION FINAL SEGUNDA**

Esta ordenanza, cuxa redacción foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión realizada o día 26 de outubro de 2011, entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, e unha vez teña transcorrido o prazo establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.


### **Anexo I**

" I.1. Rexistro de terreos particulares do Termo Municipal non incluídos no ámbito de aplicación da Ordenanza Reguladora do Aproveitamento Micolóxico no Termo Municipal de A Veiga .

1º. Terreos pertencentes á Comunidade de Montes Veciñais Souto e Coutada de Prada.

2º. Terreos particulares pertencentes ao núcleo rural de Prada.

I.2. Planimetría do ámbito de aplicación da Ordenanza Reguladora do Aproveitamento Micolóxico no Termo Municipal de A Veiga. "




 ESCALA GRÁFICA  
 0 500 1.000 2.000 3.000m  
 CONCELLO DE ZAMORA  
 ÁREA DE APLICACIÓN DE LA ORDENANZA

A Veiga, 6 de xullo de 2012.

O alcalde,

Asdo.: Edesio Yáñez Gómez